

LINGUA GALEGA E LITERATURA

2º PARCIAL, 3ª AVALIACIÓN

3º ESO

Nome e apelidos:

Curso e grupo:

Data:

1. Completa o seguinte texto con *conque, con que, haber, a ver, por que, porque, porqué, se non e senón*. 1 PUNTO.

Non debería _____ tantos inconvenientes para conseguir o noso obxectivo _____ non é tan difícil como parece, _____ poñámonos a traballar, _____ se o conseguimos. Algunhas persoas preguntánnos o _____ do que queremos facer; nós dicímoslles que non se trata só dunha cuestión laboral, _____ tamén de principios. _____ nos cren, dáme igual. _____ lle temos nós que explicar nada a ninguén? Non sei _____ propósito fai a xente algunhas preguntas. _____ se nos deixan xa en paz.

2. Subliña todos os pronomes persoais no seguinte texto e clasifícaos segundo o seu tipo, persoa e número. 2 PUNTOS.

– Eu non iría con esas intencións, dese xeito que vas ti.

– Ti non sabes como está. Ela necesita esperanza, precisamente. Para me aturar a min e a si mesma. Quere ser feliz, comprendes? Se non fose por O. estou seguro de que xa nos teriamos deixado. Ti xa sabes como é Luísa.

– Xa a coñezo. Estiven namorado dela; quizais non che falaría diso... Non o quería lembrar, pero...

	PRONOMES TÓNICOS	PRONOMES ÁTONOS
1ª PERSOA SINGULAR		
2ª PERSOA SINGULAR		
3ª PERSOA SINGULAR		
1ª PERSOA PLURAL		
2ª PERSOA PLURAL		
3ª PERSOA PLURAL		

3. Substitúe o subliñado polos pronomes átonos que corresponda e fai as contraccións precisas. Fíxate na acentuación do verbo unha vez que fagas as substitucións. 1 PUNTO.

- Conteí a Estevo o meu segredo.
- Dei a Daniel e María a carteira.
- Nunca dixeron a nós a información correspondente.
- Instalaron a Guillherme o televisor antonte.
- Envíei a vós un correo electrónico.
- Conteí a ti unha historia de medo.
- Presta a túa irmá o libro de lectura.
- Compraron a eles o coche.

4. Completa con *te* e *che* segundo corresponda e fíxate na acentuación do verbo. 1 PUNTO.

- Repíto___ a información que me deron?
- Non ___ preocupes polo que me dixo.
- Por fin ___ regalou o que ti tanto esperabas.
- Esperamos___ ata que deron as nove e media.
- Mañá acompañarei___ ao cine.
- Non ___ prometeu nada, verdade?
- Convenceu___ e despois intentou___ enganar de novo.

5. Segmenta as seguintes formas verbais nos seus constituíntes. Faino como fixemos en clase, utilizando as siglas pertinentes. 1,5 PUNTOS.

- collerei:
- comesen:
- necesitabamos:
- sufrirades:
- comprastes:

6. Analiza morfoloxicamente as formas verbais do exercicio anterior (persoa, número, tempo e modo). 1,5 PUNTOS.

7. Indica a forma verbal que corresponda. 1 PUNTO.

- 2ª persoa de singular do presente de indicativo de *dormir*:

- 1ª persoa de singular do presente de subxuntivo de *ser*:

- 2ª persoa de plural do pretérito de indicativo de *dicir*:

- 3ª persoa de plural do presente de indicativo de *sentir*:

- 1ª persoa de plural de futuro de indicativo de *facere*:

8. Que movemento cultural vai ter influencia no pensamento galego do século XIX? Que defendía o dito movemento? 0,5 PUNTOS.

9. A que deu lugar a preocupación polo estudo da nosa lingua durante o século XIX? 0,5 PUNTOS.